

# *Isabel Zendal Gómez*

NOS ARQUIVOS DE GALICIA

Antonio López Mariño  
(Asociación Isabel Zendal)





**Autor:** Antonio López Mariño, (*Asociación Isabel Zendal*)

**Textos:** Miguel Santalices Vieira, Pilar Farjas Abadía, Antonio López Mariño, Rubén Ventureira, David Mark Smith (traducción para o inglés), Dolores Ponte Miramontes (transcripción de facsímiles)

**Revisión crítica:** Carlos González Gutián

**Supervisión lingüística:** Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia

**© Ilustracións:** Scala Archives-Firenze, Arquivo Municipal A Coruña (Colección C.M. Barbeito), Biblioteca Nacional de España, Centro Xeográfico do Exército-Ministerio de Defensa, Domus-Museos Científicos Coruñeses, Biblioteca Real Consulado Colección C.G. Guitián, Rubén Ventureira, José Caruncho (fotografía)

**© Antepartadas:** Saída da corveta *María Pita*. Expedición de don Francisco de Balmis a la América. Litografía de Manini. En: Pérez, Francisco; *Historia de España en tiempos de Fernando VII*. © Biblioteca Nacional de España.

**© Portada:** Vacinación brazo a brazo. O Barón Jean Louis Alibert, no castelo de Liancourt (c.1820). Óleo. Constant Desbordes. Museo da Asistencia Pública de París. © Photo Josse/Scala Archives, Firenze.

**© Gardas:** Vacinacións gratuítas contra a varíola, con inoculacións directas dende unha xovenca con *vacuna* [título orixinal: *les oeuvres philanthropiques du Petit Journal*]. Colección Carlos González Gutián

**© Facsímiles:** Arquivo Municipal A Coruña, Arquivo Provincial A Coruña, Arquivo Histórico Diocesano de Santiago

**Deseño e maquetación:** Teófilo Edicións | [www.teofilocomunicacion.com](http://www.teofilocomunicacion.com)

ISBN: 978-84-7836-120-5

Depósito legal: C 99-2018

Prohibida a reprodución total ou parcial desta obra sen permiso debidamente autorizado e por escrito do propietario do copyright.

# *Isabel Zendal Gómez*

NOS ARQUIVOS DE GALICIA

Antonio López Mariño  
(Asociación *Isabel Zendal*)





# ÍNDICE

Limiar I .....	páx. 7
Limiar II .....	páx. 9
O conto da investigación .....	páx. 12
En Santa Mariña de Parada .....	páx. 22
Na Coruña .....	páx. 32
Na Expedición da Vacina .....	páx. 48
Notas .....	páx. 64
Facsímiles / Transcripcións .....	páx. 72





## LIMIAR I

Digo con frecuencia que os galegos somos grandes descoñecedores do noso pasado, o que nos aboca a ignorar figuras e acontecementos de enorme transcendencia histórica.

É o caso do protagonismo de Galicia na Real Expedición Filantrópica da Vacina (REFV), que partiu do porto da Coruña en 1803 para inmunizar contra a varíola —unha enfermidade letal para a poboación aborixe de América e que provocaba unha elevadísima mortalidade entre o resto— nos territorios de ultramar. Unha das protagonistas daquela expedición foi a enfermeira galega Isabel Zendal, encargada de coidar dos nenos que facían de portadores da vacina. Malia que foi considerada pola OMS como a primeira enfermeira da historia en misión internacional e que goza dun merecido recoñecemento en México, onde rematou os seus días unha vez concluído o traballo na Expedición da Vacina, Isabel Zendal foi sempre unha gran descoñecida no seu país de orixe.

Por fortuna, recentes investigacións do historiador e xornalista Antonio López Mariño achegaron datos biográficos de Isabel Zendal ata o de agora descoñecidos. Datos e documentos que se ofrecen ao lector en cadansúa edición en galego, castelán e inglés, un traballo que xorde con vocación divulgativa ao tempo que aspira a facer xustiza respecto a unha figura tan descoñecida como determinante no éxito da expedición salvífica da que formou parte.

Para o Parlamento de Galicia é unha honra colaborar coa Asociación Isabel Zendal na difusión da figura dunha galega admirable, protagonista dunha xesta que evitou a morte segura de centos de miles de persoas. Unha xesta histórica merecedora de todos os recoñecementos, pero tamén un toque de atención fronte aos insensatos que, nos nosos días, seguen cuestionando a utilidade das vacinas.

Miguel Ángel Santalices Vieira  
*Presidente do Parlamento de Galicia*





## LIMIAR II

En outubro do ano 2016 iniciou a súa andaina a Asociación Cultural Isabel Zendal agrupando un panel de profesionais de distintos ámbitos (cultura, enfermaría, medicamento, xornalismo, historia, náutica, edición ...) cuxo lazo de unión é o interese por traer á memoria pública os protagonistas galegos dunha transcendente xesta sanitaria internacional, a Real Expedición Filantrópica da Vacina; e de facelo con especial referencia á única muller participante nela, quen dá nome á asociación: Isabel Zendal Gómez.

A publicación que prologamos é o resultado do interese por investigar a identidade, a historia vital e a importancia sanitaria desta coruñesa nada hai máis de dous séculos na parroquia de Santa Mariña de Parada de Ordes; interese compartido polo autor, quen dedicou tempo e esforzo en investigar sobre esta figura; polo presidente do Parlamento de Galicia, quen sabe da transcendencia sanitaria desta empresa da ilustración e da filantropía, e quixo destacalo no ano de conmemoración do tricésimo quinto aniversario da constitución do noso Parlamento autonómico; e polos membros da Asociación que teño a honra de presidir.

Sirva esta publicación como evidencia deste esforzo compartido. Desexamos que achegue a todos os lectores que se aproximen á súa lectura a inquietude por saber máis acerca desta expedición sanitaria, que foi vehículo do primeiro programa de vacinacións internacional: un programa protagonizado maioritariamente por galegos, pola Cidade da Coruña, o seu Porto e polos seus habitantes. Desexamos atopar a estes lectores nos futuros eventos científicos e culturais que estamos a impulsar desde a Asociación Isabel Zendal.

Mª Pilar Farjas Abadía  
*Presidenta da Asociación Isabel Zendal*

# A NAI DE TODAS AS VACINAS

Nace nunha familia pobre de solemnidade,

nunha aldea do concello de Ordes.

Emigra á Coruña onde, sendo nai solteira,  
traballará de reitora na Casa de Expósitos.

En novembro de 1803,

como parte do equipo médico da Real Expedición Filantrópica da Vacina,

emprende unha viaxe transoceánica de catro anos,

que lle dará o creto de ser

a primeira enfermeira da historia

en misión internacional de saúde pública.

Coidaba do único elo imprescindible da REPV:

os expósitos que, de brazo a brazo, levaron a América e Asia

a primeira vacina coñecida —a da varíola—.

Unha vida extraordinaria,


dende unha orixe moi marxinal

ata os más altos cumes do esquecemento.

Isabel Zendal Gómez

é unha absoluta descoñecida para os seus paisanos.

Para todos nós.






# O CONTO DA INVESTIGACIÓN

*—Se, en verdade, quere facer unha reportaxe sobre expósitos, ben podería, de paso, instruír a poboación e contarlle o mellor que estes cativos fixeron pola Humanidade, que foi levar, por América e Asia, a vacina contra a enfermidade máis letal que coñceu o mundo.*

Parei apampado. Nunca tal escoitara: que uns rapaces galegos actuaran, 200 anos atrás, como axentes intercontinentais contra a varíola, o máis terrible dos ministros da Morte.



## Ausencias permanentes

Tivo que ser en 1999. Daquela era un dos reporteiros de *Que foi de...?*, un programa —dirixido por Santiago Romero e Joaquín Pedrido— que recuperaba, na TVG, acontecementos e xentes que, despois de teren sido moi populares, levaban tempo ausentes da lembranza colectiva. Escollera preparar unha reportaxe sobre aqueles premios nacionais de natalidade que, durante o franquismo, honraban familias con 15, 18 ou 23 fillos. Tamén decidira achegarme, como cara b destas familias luminosas, ao mundo dos expósitos, unhas criaturas —abandonadas polos seus proxenitores— que nunca poderían ser arroladas —a diferenza dos orfos sen pais— por unha irmá maior, un padriño ou unha avoa.

A cabeza non me deu para integrar os rapaces da vacina na reportaxe, pero as catro mulleres —nenas expósitas; agora casadas, con fillos e netos— que daban a cara no programa tiñan vidas non menos asombrosas. Un detalle: mentres revivían os xogos e as cancións da infancia e amosaban os traballos de bordado —tíñanos enmarcados— que aprenderan a facer na Inclusa, contaron que o Pazo de Mariñán —conjunto histórico e artístico desde 1972— era dos expósitos, que lles fora doado para o seu lecer no ano 36. Tan certo era o conto que as catro mulleres andaban polos interiores e os xardíns do Pazo como as fillas dun marqués que, cada verán, cumprise a palabra dada de deixalas ir pasar tres meses ao predio de recreo da familia, na ría de Betanzos.

Rematou *Que foi de...?* e os reporteiros metémonos a buscar documentación para un novo programa —*Insólito*, idea orixinal de Romero & Pedrido—. A iniciativa quedou en proxecto, pero a fase de recollida de información levoume, por fin, á Real Expedición Filantrópica da Vacina (REFV). Canto más lúa, más levitaba. Resulta que a REFV, dirixida por Francisco de Balmis, fora a pioneira das campañas mundiais de saúde pública: levou a primeira vacina da historia dende o norte de México ata o sur de Chile, ata Filipinas, Macao e Cantón, durante unha odisea ininterrompida de nove anos. Resulta que o equipo médico da Expedición saíra da Coruña, a bordo dunha corveta tripulada por 27 veciños da cidade. Que xa había pegadas de varíola no rostro do faraón Ramsés V (1143 anos antes de Cristo). Que os mortos por varíola, ao longo da historia, podían sumar 300 millóns —toda a poboación, hoxe, de Portugal, España, Francia, Italia, Alemaña, Holanda e Bélxica—. E que somos unha monarquía borbónica grazas á varíola: o primeiro sucesor de Felipe IV, o príncipe Baltasar Carlos, morre, de 16 anos, vítima deste mal; o novo herdeiro, Carlos II, tiña un problema

irresoluble para a continuidade da estirpe dos Austrias: era estéril. Houbo que botar man, entón, dun bisneto de Felipe IV e así foi como chegou a Rei das Españas o iniciador da actual dinastía: o duque de Anjou, de nome Felipe (V) de Borbón.

Os mesmos ensaios que achegaban estes tan radiantes datos non deitaban unha similar luminaria cando falaban da presenza galega na REFV. Cun certo retrogusto amargo, atopabamos —en entrega e tempo, a investigación foi a medias con Joaquín Pedrido, ata 2009— mencións illadas a unha corveta *María Pita*, un Díez Tavanera, un Pedro del Barco, un Posse Roybanes ou unha Teresa Herrera, un Hospital de Caridade e unha Congregación das Dores. O escaso peso que Galicia tiña nestes traballos históricos foi assumido como unha realidade inevitable: ao ser a REFV unha odisea con múltiples escenarios e protagonistas, para os investigadores foráneos non era prioritario meter as mans nas brasas dos nosos arquivos para tirarnos do lume as castañas galegas da Expedición. Por fortuna, sempre houbo historiadores locais que teimaron en darrile luz á conexión galega coa Expedición da Vacina<sup>1</sup>.

O armador da *María Pita* era Manuel Díez Tavanera, veciño do número 22 da Rúa Nova coruñesa, onde moraba coa muller e unha filla; cunha cuñada, o seu home e tres fillos; con tres mancebos, tres criadas e un criado<sup>2</sup>. O capitán da corveta era Pedro del Barco, que vivía no número 25 da coruñesa Rúa Real, en compañía da muller, sete fillos, dúas criadas e dous escravos negros —un deles, embarcaría como segundo cociñeiro da Expedición—<sup>3</sup>. Vicente Antonio Posse Roybanes, betanceiro, veciño do número 14 da rúa da Franxa e médico municipal da vila (daquela A Coruña andaba polos 15.000 habitantes) foi un home da Ilustración: en 1801, vacina —con pus seco, remitido entre fías de algodón dende Barcelona— o seu primeiro neto; en 1804 diagnostica as primeiras intoxicacións por consumo de mexillón das que se tivo noticia médica en Galicia<sup>4-5</sup>; tamén en 1804, atalla un andazo de varíola en Bergantiños, viaxando ata Paiosaco con virus vivo, transportado no brazo dun rapaz vacinado de dez días: as 13 primeiras persoas inoculadas<sup>6</sup> posibilitaban que, ao cabo doutros dez días, houbese 169 veciños inmunizados, os cales, noutros dez días, permitirían vacinar a 2.197 residentes, co que, en dous meses e partindo dun único portador, aquel embate da varíola quedaría erradicado da bisbarra.

Teresa Herrera, que xa tiña na súa casa particular (ao principio da rúa das Panadeiras, facendo fronte ao Real Consulado) un *hospitaliño* no que atendía mulleres enfermas e sen recursos, fará doazón dos seus bens coa intención de que fose fundado un Hospital de Caridade. Deixou esta encomenda en mans da Congregación das Dores —aínda activa, ao abeiro da parroquial igrexa de San Nicolás—, institución que, en 1791, lograba chantar a primeira pedra do Hospital. Nos días da REFV, a Congregación (da que eran confrades, e

cargos directivos, Pedro del Barco e Posse Roybanes) xa dirixía e administraba un centro de beneficencia con tres apartados: hospital para pobres, cuarto de partos secretos e Casa de Expósitos<sup>7</sup>.

En todo canto había publicado, sempre houbo unha ausencia permanente, mesmo nos textos dos investigadores locais: a biografía da reitora da coruñesa Casa de Expósitos. Malia isto, Miguel E. Bustamante verificou que, en abril de 1808, a Intendencia da cidade de Puebla (México) satisfacía o salario anual que a Isabel *Cendala Gómez* lle fora asignado como enfermeira da Expedición<sup>8</sup>. Pola súa banda, Michael M. Smith, que ten ben documentados os pasos de Isabel *Gómez Cendala* por América e Asia, explicou que, nese mes de abril de 1808, foi cando a enfermeira —á volta da expedición a Filipinas— se reuniu co seu fillo Benito, que quedara ao coidado do bispo de Puebla. Smith prolonga, cando menos, ata xaneiro de 1811 o cobro íntegro da paga que lle correspondía como integrante do equipo médico da REFV<sup>9</sup>. Con todo, estes dous traballos non achegaban ningún dato sobre as orixes da reitora-enfermeira. A primeira aproximación á biografía de Isabel é de 2007 e os seus autores —Susana Ramírez e José Tuells— subliñaban dous datos<sup>10</sup>:

- » Que os seus apelidos eran incertos, xa que, segundo as fontes que recompilaran, o primeiro tanto podía ser Cendala/Sendala/Zendala como Sendales ou Cendalla/Sandalla/Gandalla; o segundo, Gómez ou López.
- » Que a orixe de tanta confusión podería vir de «ter dado por sentado que a reitora debía ser galega, cando nunca se teñen atopado versións do seu [primeiro] apellido nessa rexión». Como posible solución ao enigma, os historiadores apuntaban que o primeiro apellido derivaría dun pai ou dun esposo de orixe irlandesa ou inglesa (Sendall/Sandall), que tivese arribado a Galicia como comerciante ou como peregrino.

E ata podería ser que tivesen razón: tomando como referencia a primeira vez que Francisco de Balmis menciona o nome da enfermeira (“Isabel *Sendala y Gómez*”, en 1804, cando levaban seis meses xuntos como expedicionarios), a Cartografía dos apelidos de Galicia do Instituto da Lingua Galega amosaba “cero número de ocurrencias” para a consulta *Sendala*. As variantes Cendala e Zendala tamén apañaban cadanxeu “cero resultados”<sup>11</sup>.

Un pioneiro investigador local, Pastor Nieto Antúnez, publicou, en 1966, un artigo no que identificaba a reitora como Isabel López Gandalla<sup>12</sup>. Quince anos despois deste traballo, ingresaba no Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses. No seu discurso deixou escrito: “El ayuntamiento quiso, hace unos años, rendir homenaje a la abnegada rectora y le dedicó una calle. En efecto, en diciembre de 1971, aprobó propuesta de nuevas calles y, entre

ellas, figura la de Isabel López Gandalla a la Travesía de San Francisco. Indudablemente, he sido yo, con mi breve comentario publicado en la Revista del Instituto, quien movió al ayuntamiento a dar el nombre de aquella mujer a una calle". O tempo transcorrido entre aquel breve artigo de 1966 e o académico discurso de 1981 permitiuille constatar o que, en 2007, tamén anotarían Ramírez e Tuells: que os diferentes autores, empezando polo mesmo director da REFV, manexan distintas versións tanto de primeiro como do segundo apellido de Isabel. "En tanto no se aclare este confusionismo, la placa debería corregirse y rezar así: Calle de doña Isabel, rectora de la Casa de Expósitos"<sup>13</sup>. Durante 36 anos, esta rúa da Cidade Vella mantivo o rótulo de 1971: Isabel López Gandalia. Ata o 5 de decembro de 2017, cando o concello coruñés, en sesión plenaria, acordou rotular a rúa dedicada á reitora-enfermeira cos seus auténticos apelidos.

Situados nos derradeiros tempos da investigación conxunta con Joaquín Pedrido, este envurullo dos apelidos non era a nosa loita: tiñamos ben amarrada a identidade de Isabel por nove ceremonias de bautismo nas que actuara de madriña e pola acta na que se nomeou a súa substituta —axiña veñen estas probas documentais—. Mais posuír o tesouro dos apelidos de Isabel era como ser dono... dun gran ermo baldío: a tal riqueza non valía para saber, nin sequera intuír, o seu lugar de nacemento, a súa idade, os lances da infancia e da mocidade, os avatares da vida adulta; tampouco daban para saber a familia da que viña ou o rango social de procedencia. Un navegar sen rumbo, cara á nada.

## Dous boletos premiados

Trinta mil nomes de veciños puideron pasar por diante dos ollos no proceso de consulta dos censos de habitantes da Coruña, entre 1792 e 1803, que custodia o Arquivo Municipal. Tan desalentador como non atopar por ningures a Isabel Cendala/Sendala/Zendala Gómez (as variantes do primeiro apellido estaban presentes nos libros localizados en dous arquivos coruñeses) era que tampouco aparecía ningún residente na Coruña con ese mesmo primeiro apellido. A conclusión lóxica destas ausencias implicaba un sopapo absoluto: Isabel (e a súa posible familia) viñera de fóra da vila. Aviados estabamos se había que buscar a agulla da reitora-enfermeira no palleiro das 3797 parroquias que hai en Galicia! Outros trinta mil nomes pasarán por diante na consulta dos libros parroquiais de bautismos (1717-1803), de matrimonios (1734-1803) e de defuncións (1779-1803) que, das catro parroquias coruñesas da época (Santa María, Santiago, San Nicolás e San Xurxo), garda o Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Unha viaxe tan fascinante como —zendalmente— improdutiva: nin apareceu Isabel nin persoa algúnh que levase o apellido Sendala/Cendala/Zendala.

Pois viría de lonxe, logo! Asumida esta posibilidade, abriuse unha porta luminosa: Ferrol. O seu Hospital de Caridade foi o modelo que imitaran na Coruña: mesmo nome e mesma organización, tamén dirixida por unha confraría relixiosa de laicos. Mira ti por onde, igual viñan dous *campanos* no mesmo anzol!: a filiación de Isabel e mais a explicación da entrada directa como reitora dos expósitos coruñeses dunha muller que se afixera a este labor no hospital ferrolán. Dos salmóns imaxinados, non apareceu nin a raspa: os arquivos deste Hospital —dirixido dende 1780 polo enxeñeiro militar Dionisio Sánchez Aguilera— e os censos municipais de veciños non conservan pegada ningunha, nin sequera dun passo fuxidío, de Isabel ou da súa familia por Ferrol.

Xoves, 7 de marzo de 2013. O atado non prometía moito: era unha relación de 400 mulleres enfermas, atendidas no coruñés Hospital de Caridade. Despois dos milleiros de nomes manexados entre os censos de veciños da Coruña e os libros sacramentais das súas catro parroquias, tampouco era cuestión de trancar, definitivamente, a porta do negociado sen botarlle unha ollada a esa listaxe cativeira. Tratábase do rexistro de altas e baixas, anotadas polo capelán do Hospital. En 1796, co número de ingreso 167 e ocupando a cama número 1, apareceu esta ficha: *Maria Zendal Gomez, de edad de 20 a<sup>s</sup>, soltera, hija de Jacobo Zendal y de Maria Gom<sup>z</sup>, esta difunta, ambos vecinos de Santa Marina de Parada, arzobispado de Santiago; entro en 20 de Ag<sup>r</sup>o de 96. Salio en 29 de Agosto de 96*<sup>4</sup>.

Perdín o sentido: dous días máis tarde, ocupando a última páxina dun xornal coruñés, escribía un traballo titulado “Resuelto el enigma de la Rectora Isabel”<sup>5</sup>. Á semana seguinte, no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, caín do pedestal: esta María de 20 anos chamábase (María) Antonia e non era (María) Isabel, a reitora-enfermeira. Pero caín de pé: saber a parroquia da que procedía a familia ía resolver enigmas esenciais da biografía de Isabel Zendal Gómez. Tan de pé caín que, a día de hoxe, sigo atordado de ter apañado outro premio gordo... da man dun billete de lotería expedido en Santa Mariña de Parada (hoxe, no concello de Ordes).

Nos primeiros chanzos da investigación convulta con Joaquín Pedrido, non había troita que pasara por diante que non acabase na rede e, por mor deste método, tiñamos anotado, na parroquia coruñesa de San Nicolás, o **bautizo de Benito** [1]\*, fillo dunha solteira chamada Isabel Celdam, natural de Santa Mariña de Parada<sup>16</sup>. Coincidiamos en que era un fío do que non pagaba o traballo tirar. Por tres razóns: Celdam estaba algo lonxe das versións manexadas polos historiadores para o primeiro apellido de Isabel. E moito más lonxe áinda da nosa teoría propia sobre o asunto: animados pola escrita da época, que

\* Todos os documentos referenciados en negriña levan o seu corresponden facsímile, cuxa transcripción respecta, agás na puntuación, a escrita orixinal.

mesturaba iota/xe/elle, teimabamos que Isabel era sobriña de Pedro del Barco —o capitán da María Pita—por vía da súa muller, María Manuela Zendeja (natural de Ziérbara, Bizcaia). Había unha terceira razón, a de más peso: segundo o aprendido das lecturas de historiadores e novelistas, a nosa Isabel era unha dama-dama. Nai? Si, pero adoptiva ou viúva. Nai solteira? Nin de pensamento!

O ingreso de Antonia Zendal no Hospital de Caridade fixo aflorar o bautizo de Benito, que levaba dez anos soterrado no ordenador: agora tiña unha Zendal e unha Celdam —variacións moi cuspidas—, as dúas de Parada. E se atopase pegadas de Isabel Zendal/Celdam nos libros sacramentais da parroquia? Implicaría que estaba a piques de reescribir a historia da nai de todas as vacinas? Estaría a un pase de folio de descubrir que era de Ordes e nai solteira?

—Amodiño, neno! Non te tires, non te tires: ou escachas a crisma ou partes o cráneo!



Hospital de Caridade (antes da súa desaparición, en 1958).  
Foto Blanco. Colección Carlos González Gutián.



**A Coruña, 1809.** Augatinta. Gravado de William Heath. Londres: publicado por J. Johnson; 1809. © Arquivo Municipal A Coruña (colección Carlos Martínez-Barbeito) [título orixinal: A View of the British & French Positions before Corunna, taken from the citadel]

*En primeiro plano, a igrexa de San Xurxo, na súa localización orixinal, á altura do actual Teatro Rosalía Castro.*



**Ferrol, s. XVIII.** Xilografía, coloreada á man, de Rico e Galofer. © Arquivo Municipal A Coruña (colección Carlos Martínez-Barbeito).

*O coruñés Hospital de Caridade (1791) foi creado e xestionado segundo o modelo do hospital de beneficencia de Ferrol (1780).*



A Coruña, 1819. Plano topográfico. Felipe Gianzo. © España, Ministerio de Defensa, Centro Xeográfico do Exército [título orixinal: Plano del Puerto Habilitado, Ciudad Alta y Baja de La Coruña].



- 1.- Hospital de Caridade (Rúa Hospital)
- 2.- Real Consulado (Rúa Panadeiras)
- 3.- Vivenda de Teresa Herrera (Rúa Panadeiras)
- 4.- Vivenda de Manuel Díez Tavanera (Rúa Nova, 22)
- 5.- Vivenda de Gerónimo Hijosa, onde *Isabel Senda* traballou de criada (Real, 36)
- 6.- Vivenda de Pedro del Barco (Real, 25)
- 7.- Vivenda de Vicente Antonio Posse Roybanes (Franxa, 14)
- 8.- Vivenda de Francisca Sendal (Papagaio, 6)

# EN SANTA MARIÑA DE PARADA

*A aldea na que nace Isabel está preto da principal estrada que comunica Santiago e A Coruña. No centro de Ordes, hai que coller unha vía secundaria que, en tres quilómetros, vai entrar nos lugares que conforman —e conformaron— a parroquia de Santa Mariña de Parada. Non é nada complicado dar co sitio... unha vez que se sabe onde está a toca da moura na que estaba agochado o tesouro buscado.*



## A FAMILIA DE ISABEL

### Avós maternos

(descoñecidos)

### Avós paternos

Pablo Zendal (Sta. Mariña de Parada)

María Varela (S. Martiño de Oroso)

### Nai

Ignacia Gómez (Sta. Mariña de Parada)

*1788: sepultura de 3 reais*

"No hizo disposicion por pobre"

### Pai

Jacobo Zendal (Sta. Cruz de Montaos)

*1800: sepultura de 6 reais*

"No hizo disposicion por quasi  
pobre de solemnidad"

### Irmáns

Bernarda (...)

Isabel (...)

Juan (1774)

María Antonia (1776)

Joseph (1778)

Morre nada máis nacer

Francisca Antonia (1779)

Joseph e Cathalina (1782, xemelgos)

Morre ao nacer / Morre de 11 meses

Joseph (1784)

### Sobriños

(Domingo Vázquez Raña / Bernarda Zendal Gómez)

Isabel Jacoba (1790)

Antonio (1792)

Juana (1795)

Bernardo e Manuela (1798, xemelgos)

A nena morre con 15 meses

Antonio (1800)

Morre con 11 meses

Jacobo del Spíritu Santo (1803)

O libro parroquial máis antigo que se conserva de Santa Mariña de Parada —“cuias Partidas corren desde el dia veinte y seis de febrero de mil setecientos y setenta y tres”— rexistra os fregueses bautizados ata 31 de decembro de 1803 (remate desta investigación, aínda que o libro continúa ata 1828). Aquí constan os bautizos de seis dos nove irmáns Zendal Gómez: **Juan** [2], **Maria Antonia** [3], **Francisca Antonia** [5], **Joseph** e **Cathalina** [6] e **Joseph** [7]; tamén dos sete sobriños: **Isavel Jacoba** [8], **Antonio**, **Juana** [9], Bernardo, Manuela, Antonio e Jacobo del Spíritu Santo<sup>17</sup>. Neste libro tamén quedou escrito un documento excepcional: xunto á acta da **visita** de inspección que fai o bispo en 19 **de agosto de 1781** [10], está o **memorial** de las personas de estta Parroquia que recevieron el Santo Sacramento **da Confirmación** [11]. O libro de defuncóns (1773-1859), que rexistra as mortes doutro irmán **Joseph** [4], da nai **Ygnazia** [12] e do pai **Jacobo** [13], completa a lista dos documentos que, nos fondos da parroquia, gardan relación directa coa biografía da enfermeira da REFV.

A análise da información procedente dos libros de Bautismo e de Defunción da freguesía permite apañar unha ducia de verdades e tamén un feixe de evidencias de fiabilidade inestable.

» A primeira certeza é que ningún veciño da parroquia de Parada leva o apellido *Celdam*. Pola contra, os Zendal/Cendal están —con diferentes ramas familiares— solidamente asentados na aldea.

A Cartografía dos Apelidos de Galicia confirmará que o patronímico *Celdam* non existe neste país, pero tamén vai revelar —para autocrítica de todos cantos nos chamamos investigadores— que a distribución xeográfica do apellido Cendal segue a ocupar o mesmo territorio que ocupaba hai 200 anos: as 91 “ocorrencias” rexistradas en 2017 teñen o seu núcleo orixinal nos concellos (lindeiros) de Ordes e Oroso, de onde saen unha galla cara a Santiago e outra para A Coruña, as dúas grandes vilas más próximas. Exactamente igual que na infancia da futura reitora-enfermeira<sup>11</sup>.

» A segunda evidencia —cara ao final do memorial de confirmacións— é a presenza, por primeira e única vez, de Isabel Zendal Gómez, na súa parroquia de orixe e rodeada do pai, da nai e de tres irmáns.

» Estes dous vimbios, entrelazados coa partida de bautizo de Benito, arman un cesto resistente a calquera *tsunami* argumental en contra: a primeira enfermeira da historia en misión internacional de saúde pública é de Ordes e é nai solteira.

- » O rexistro máis antigo que se coñece do primeiro apellido de Isabel é a forma *Zendal*. Así está rubricado por Cayetano Mazo, o cura propio da parroquia, nos bautizos dos fillos de Jacobo e Ignacia e tamén por Antonio García Barveito —crego que veu substituír o párroco titular— no bautismo de Isabel Jacoba, a primeira neta do matrimonio Zendal-Gómez. Con todo, é preciso subliñar que tanto un segundo substituto —Manuel Bernardo Seoane— como o novo párroco —Manuel Antonio de Rozas—, van adoptar a forma *Cendal* para os outros seis fillos de Domingo Vázquez e de Bernarda Cendal. Que Manuel Antonio de Rozas escriba, nas partidas de bautismo, que os netos de Jacobo son *Cendal* e que o avó, na súa partida de defunción, é *Zendal*, tampouco será cuestión de atribuílo ao ánimo enredante do señor párroco. A querenza polo ce ou polo zeta ou polos ss e tt, ao igual que sucede entre i latino e i grego ou entre iota e xe, fala dun idioma que, mesmo para as élites cultas, aínda estaba na fase de asentamento da ortografía.
- » Tres dos nove irmáns Zendal Gómez van morrer moi noviños, que vén sendo unha mortalidade infantil prematura do 33 %. Unha cifra non moi diferente da media da parroquia, situada no 27,5 %: de 374 criaturas nacidas entre 1773 e 1803, 103 morreron antes dos tres anos e, destas mortes, 73 aconteceron antes de chegaren ao primeiro ano de vida<sup>18</sup>.
- » Tanto nos irmáns Zendal Gómez como nos fillos de Domingo e Bernarda hai un repouso de, cando menos, dous anos entre parto e parto, lapso que non ten nada de excepcional porque así eran os tempos interxénesicos daquela época. No Memorial da Confirmación, os fillos de Jacobo e Ignacia son citados de maior a menor: Isabel (...), Juan (1774), María Antonia (1776) e Francisca (1779). Tendo en mente este período interxénesico de dous anos, temos unha pista clara para entender a inexistencia da partida de bautismo da reitora-enfermeira no libro parroquial: como cedo, Isabel tería que ser de mediados do ano 1772 e o libro máis antigo de Santa Mariña vén de febreiro do 73. Para remachar esta pista, está o caso de Bernarda, da que consta, na partida de bautismo da súa filla Juana, ser “veciña e natural” de Parada. Pero desta outra irmá de Isabel tampouco hai rexistro do seu bautizo. A causa? Á altura de 1796 —cando Isabel ten a Benito—, Bernarda xa tiña tres fillos e a lóxica impulsa a pensar que ela sería maior que Isabel, co que é imposible que o seu bautizo poida aparecer nun libro que arranca en 1773. A explicación da ausencia de Bernarda na ceremonia de Confirmación ben podería estar relacionada cunha grave enfermidade que a tivese encamada ou con que, sendo pouco máis que unha nena de 10 anos, xa estivese servindo nalgúnha casa forte da contorna.
- » A confirmación na fe cristiá desvela que Isabel viviu a infancia en Parada. E a súa mocidade tamén? Faise costa arriba asegurar tal. Que a primeira filla de Bernarda e de Domingo se chame Isabel Jacoba converte en moi tentador matinar que estes nomes eran unha

homenaxe ás dúas persoas que estaban á cabeza da familia Zendal-Gómez nese ano de 1790: Jacobo seguiría sendo o petrucio e Isabel —tras a morte da nai en 1788—, a súa man dereita. Hai un elo feble nesta cadea argumental: o avó é padriño *ysolidum*, que vén sendo un padriño en solitario e por enteiro, responsabilidade que fai dubidar da presenza física de Isabel na aldea.

De calquera maneira que se mire, o nome da primeira filla/neta, porque non é un asunto pequeneiro, implica o seu aquel de reflexión. Por que os pais da rapaza, tendo escollido o nome do avó, non optaron tamén polo nome da avoa, que non é mala maneira de honrar a defunta? Leva Isabel Jacoba os nomes dos padriños de voda dos pais? Acababa Isabel de marchar da aldea e pórlle o seu nome á sobriña primoxénita foi para gardar memoria dunha irmá que saía gañar o seu pan polo mundo e que, polas trazas daqueles tempos, igual nunca máis retornaba?

» As partidas de bautismo dos irmáns Zendal Gómez revelan as orixes da familia: a nai era natural de Parada; o pai, de Santa Cruz de Montaos (Ordes); o avó paterno, de Parada; a avoa paterna, de San Martiño de Oroso. Nin medio cuartillo de referencia hai aos avós maternos, malia ser Ignacia Gómez veciña e natural da propia Parada... a non ser que a ausencia de referencias sexa a evidencia máis clara.

Durante a visita de inspección que o bispo Fondevila fai a Parada, en 19 de agosto de 1781, deixa un innovador mandado para a xestión dos libros de bautismo: nas partidas haberá que anotar “el nombre y vecindad de los abuelos paternos y maternos de cada bautizado”. Dende ese día, os párrocos foron dando cumprimento sistemático a esta disposición, principiando polo propio Cayetano Maza, xa na primeira oportunidade dese mesmo verán. Moi rara parece a excepción que fai (e repite) o señor cura no caso dos xemelgos Joseph e Cathalina e no de Joseph, esquecendo unicamente os avós maternos. Quérese dicir que a nai de Isabel non tiña proxenitores coñecidos ou que era filla de solteira? Este posible antecedente ten o seu aquel de sedutor xa que deitaría unha singular luz á hora de entender a biografía de Isabel —nai solteira—. Por se axudase a manter a calma e non quedar cegos coa primeira impresión, é preciso amosar o contido dun documento que se custodia no Arquivo Xeral de Simancas, referido aos veciños de Santa Mariña. Como parte das *Comprobaciones*, feitas en 1764, actualizando os datos fiscais recollidos para o Catastro de Ensenada (1752), está o “Libro nuevo Personal de Legos”. Aquí está escrito que unha das casas con fume é a de “Manuel Gomez, labrador, casado, de quarenta y seys años; tiene tres hijos menores de diez y ocho y tres hijas”<sup>19</sup>. Case 20 anos despois, entre os 262 veciños mencionados na ceremonia de confirmación, non quedaba pegada do apelido Gómez máis que en Ignacia, nos seus fillos e na criada de Sebastián Corvelle.

O Memorial de Confirmación ben ha ser merecente dunha demorada parada e fonda.

- » De entrada, tivo que ser un evento excepcional: entre febreiro de 1773 —arranque do libro parroquial— e decembro de 1803 —remate desta investigación—, aquel 19 de agosto de 1781 foi a única ocasión, en 30 anos, na que unha autoridade eclesiástica viaxa ata a parroquia para administrar este sacramento. Mostra do non se saber cando tal acto puidese acontecer de novo é a confirmación de Francisca Zendal Gómez, con só dous aniños de idade. Pola singularidade da ceremonia, a ausencia de Bernarda só pode casar cun motivo innegociable.
- » Entre as 60 casas con lume que había en Santa Mariña cando o Catastro de Ensenada e as 53 que están presentes na ceremonia da confirmación hai unha caída de poboación que algo adianta dunha parroquia que vai quedar varada no tempo: o Censo de Floridablanca (1787) e o Diccionario Madoz (1845) amosan que, mentres Montaos e Orosó —ao pé da estrada de Santiago á Coruña— chegan a duplicar os habitantes que tiñan en 1752, Parada abondo vai facendo con conservar a mesma poboación<sup>20</sup>.
- » Os expósitos non son alleos á vida cotiá de Santa Mariña: hai un rapaz ao coidado da casa forte (con tres criados) da parroquia; a familia de Joseph do Souto e Antonia Bázquez tamén cría unha expósita. Esta María Luísa era, con seguridade, moi próxima a Isabel: entre os Zendal-Gómez e os Souto-Bázquez había unhas relacións non menos estreitas que entre familias do mesmo sangue. Joseph e Antonia son os padriños de bautizo de Joseph e Cathalina Zendal Gómez e o home tamén é o padriño do máis pequeno dos irmáns de Isabel. Os Souto-Bázquez tiveron 12 fillos (6 mortos de moi curta idade): do seu primoxénito, Jacobo, son padriños os pais de Isabel, que tamén o son das cuarta e quinta fillas destes seus compadres<sup>21</sup>.
- » No Memorial aparece un home que da pé para achegarnos aos primeiros apelidos que levaron os expósitos: é o marido de María Zendal, un tal Pedro, que estivera baixo o amparo da Inclusa do santiagués Hospital dos Reis Católicos. Nos bautizos de catro fillas é identificado co apellido *Rey*; no dunha quinta rapaza, pasa a ser *de la Yglesia*; no dos dous varóns xemelgos, dise que son fillos lexítimos de “*Pedro Rey o Yglesia*”. Queda patente que, sen pais que lles dean apelidos, os expósitos recíbenos prestados das institucións que financian —de *caridade*— a súa crianza<sup>22</sup>.

As partidas de defunción da nai e do pai de Isabel achegan probas definitivas da extracción social da familia.

Os pobres de solemnidade eran enterrados de caridade, en sepulturas propiedade da parroquia (todas as tumbas eran de igual tamaño e o custo dependía da proximidade ao altar maior e ao eixo da nave central). A información das partidas non permite concluir que tanto Ignacia como Jacobo, por non ter, non tivesen terra de seu onde caer mortos e que fosen enterrados de caridade. Así e todo, hai unha pista nítida do seu estatus económico: “no hacer disposicion” está directamente relacionado con non ter un can para pagar unha misa polas súas ánimas. Sen “disposición litúrxica”, os pais de Isabel peregrinarían ao Alén privados dunha man amiga que os guiasse e amparase na derradeira viaxe. Non era o caso de María da Raña, a sogra de Bernarda Zendal, que contratara tres guías de moito predicamento: deixou pagadas unha misa de dous reais á Virxe Peregrina e cadansúa misa de catro reais a San Pedro e ás Ánimas. Cunha cordada enteira de *sherpas*, viaxaba Andrés Zendal: por 30 misas na santiaguesa capela das Ánimas pagou 90 reais; con cadansúa misa de catro reais honrou á Nosa Señora dos Desamparados, a San Pedro e a San Antonio e o peto do “Glorioso San Campio” apañou unha misa de cinco reais<sup>23</sup>.

Don Cayetano Maza, cura propio de Parada, deixou encargadas, para beneficio da súa ánima, 110 misas, ás que destina 340 reais e seis ferrados de centeo (72 quilos); tamén deixou firmado que “en el dia de su entierro y honras diesen sus cumplidores a los pobres la limosna que les pareciese conveniente, dejando perdonado a sus feligreses lo que a la hora de su muerte adeudasen por razon de derechuras, primicias, oblatas, corderos y gallinas”<sup>23</sup>.

Tirando do fio desta manda litúrxica hai terra firme para contextualizar a vida na aldea dunha familia pobre e tamén para entender a pulsión emigrante que podía latexar nalgún dos seus integrantes.

» Os Zendal Gómez, aínda sendo pobres ou case pobres de solemnidade, non eran uns veciños marxiniais: tiñan fortes vínculos de solidaridade coa familia de Joseph do Souto-Antonia Bázquez (irmá de Domingo, o home de Bernarda Zendal Gómez). Este seu compadre Joseph non sería un peso pesado da parroquia, pero tampouco era un miñaxoia: seu pai fora alcalde pedáneo de Parada, nos tempos do Catastro de Ensenada. Á maneira de reis e raíñas que botaban man de fillos e fillas para tecer alianzas, ampliar lindeiros e construir imperios, Jacobo e Ignacia buscarían padriños que puidesen mirar polo futuro dos seus fillos.

» A favor da integración social de familias pobres tamén xogaría o espírito de colectividade que rexía a vida da aldea. Por haber, había contratos nos que os donos de bois cedidos en parcería recibían compensacións anuais en metálico ou en gran (trigo ou centeo), pero

"el fin principal a que se dirige este convenio o pacto es más para otros amistosos y particulares acuerdos [de axuda mutua, en tempo de labores intensivos] que no por la utilidad y beneficio que les puedan dejar"<sup>24</sup>.

» A disposición do párroco reflicte o vello hábito, entre os poderosos, de asociar un mellor eterno descanso con socorrer un algo os pobres da parroquia. Tamén amosa que don Cayetano non era un home moi teimudo á hora de esixir, en prazo, o pago dos seus dereitos económicos, asunto que, igual, o único que deixa patente é a imposibilidade dos labradores de Santa Mariña de levar unha vida libre de desacougos e premas.

» A ollos de paxaro, a parroquia está dominada pola matogueira (53 % da superficie) e terras de labranza (43 %); as carballeiras ocupan o 2,3 %; os prados, o 1 %, e as hortas, o 0,4 %. Así repartida a terra, a conquista do pan (de trigo, centeo, millo e millo miúdo) é a obsesión primeira de todas as casas. Da súa propia colleita, só consumen berzas, fabas, mazás, castañas e algo de mel —por seren terras frías e teren as abellas pouca flora de que manterse—<sup>25</sup>.

» Parada está baixo dominio e xurisdición do conde de Altamira. A casa titular do señorío recibe, "por razón de vasallaje", 1 real anual de cada viúva; tamén apaña, dos herdeiros de cada cabio de familia que morre, "la luctuosa" (os cartos equivalentes ao mellor animal de catro patas que haxa na casa). Por cada feixe de trigo, centeo, millo, millo miúdo e liño, re-colle o párroco o seu décimo (a décima parte). Tamén van para o cura as primicias (tributo sobre o gando), pagando 5 ferrados de centeo —60 quilos de gran— e unha galiña cada veciño que ara con bois ou vacas propias; quen labra con gando alleo, afora 2½ ferrados de centeo e media galiña. Pola oblata (para o culto relixioso, desde viño e cera ata os ornamentos de misar), cada veciño casado paga 1 ferrado de centeo (12 quilos) e viúvos e viúvas, medio ferrado; cada muller casada, 10 ovos e as viúvas, 5. Á conta do voto a Santiago Apóstolo, cada cabio de casa —con labranza— entrega, ao arcediago de Cornado, catro quilos de centeo. Nesta corrida fiscal faltan outros dous *matadores*: os tributos provinciais (Parada pagaba a sisa —en orixe, o monto fiscal saía de sisar, legalmente, no peso dos produtos— co arrendo da taberna comunal) e as contribucións ordinarias e extraordinarias que demandaba a Coroa<sup>26</sup>.

Se negras eran as nubes no eido dos tributos, a cuestión da propiedade da terra traía ameaza de tormenta. "Pódese dicir que tanto propietarios plenos (9,73 %) como foreiros (4,75 %) eran un reducido grupo, mentres que a inmensa maioría levaba as súas labranzas en arrendo (70,6 %). Os casos en que a explotación está cedida á ganancia do terzo ou da metade supoñen un 11,5%"<sup>27</sup>. Quérese dicir que vasalaxe, ltuosa, décimos, oblatas, pri-

micias e voto de Santiago eran só unha parte da evaporación final do traballo dos veciños de Parada. A parte do león dos froitos recollidos tiña que ir para compensar os propietarios das terras que traballaban. Estas eran as condicións socio-económicas nas que se criou a filla dunha familia “quasi pobre de solemnidad”. Dito doutra maneira: para quen anda entre a subsistencia e a miseria, as penurias doutros moitos veciños son un conforto ou acrecentan a pobreza de cada individuo?



**Parada-Ordes** (vista xeral), a aldea natal da reitora-enfermeira. © José Caruncho.




**Igrexa parroquial** de Parada, baixo a advocación de Santa Mariña. © José Caruncho.

# NA CORUÑA

"Nos atrebemos a dezir q<sup>e</sup>, de 100 expositos q<sup>e</sup> salen a luz, peligran los 90, o a la ynclemencia de una ynconsiderada exposicion q<sup>e</sup>, por lo m<sup>o</sup> q<sup>e</sup> se haze fortibam<sup>e</sup>, es prezepitado y sin los resguardos q<sup>e</sup> mereze la vida de un razional, ô a la ynmunidad de una esquiva crianza, y los 10 restantes, si salban la bida, bienen a ser, mas q<sup>e</sup> alivio, Carga de la republika porque empieza su grosera educac<sup>n</sup> por el oficio de Pedir limosna, se acompaña desp<sup>3</sup> con gente lizenziosa y desenfrenada y ultimam<sup>t</sup>e se prezipitan a la bida Dilinquente de Robar; No son de peor condizion los Guerfanos q<sup>e</sup>, fuera de carezer de la nota q<sup>e</sup> los antezedentes, estan ariesgados a seguir el m<sup>o</sup> Runbo porq<sup>e</sup> la falta de Diziplayna es yugal y, como la olgazaneria y corrupzion de costumbres es efecto de la Viziada Naturaleza, se entregan gustosamente a los desordenes y, cuando se quiere recobrar la razon, ya es mortal la enfermedad del Animo. Diganlo sino quantos vemos ya adultos por calles y plazas dedicados al ozio y Pedanteria"<sup>28</sup>.

Así miraba o mundo a Congregación das Dores e, para corrixir "el socorro hta aqui bergonzosamte practicado", reclamaba o auxilio de financiamento público para integrar a Casa de Expósitos na estrutura do Hospital de Caridade<sup>28</sup>. Así era a beneficencia dos tempos nos que Isabel Zendal vai traballar como reitora de expósitos.



## Os fillos do torno<sup>29</sup>

Entre 26 de maio de 1793 e 25 de decembro de 1803, na Inclusa coruñesa entraron 1.081 crianzas, que vén sendo unha media de 2 ingresos/semana para unha poboación de 20.000 habitantes (15.000 na Coruña e 5.000 na contorna de influencia).

De 991 expósitos dos que se conservan datos, 659 foron conducidos a Santiago, por causa dos moi limitados recursos —por épocas— cos que contaba o Hospital de Caridade; esta peregrinación empezou no 1795 pero, entre 1798 e 1803, o éxodo foi case absoluto. Baixo o amparo directo da Casa coruñesa quedaron 332 expósitos.

Das 991 criaturas, 899 foron *expostas* no torno (antes de agosto de 1798, a expresión utilizada era “se halló/se echó”). 78 naceran no Hospital (no espazo común ou en cuarto reservado), 13 foran abandonadas a descuberto (en camiños, ás portas de igrexas ou de casas ricas, na soleira da ventá da Inclusa) e 1 viña da cadea, onde estaba presa a nai.

Calquera destes 519 nenos e 472 nenas, en 48 horas, podían estar ao peito dunha ama de cría da contorna coruñesa ou ser entregado no Hospital santiagués dos Reis Católicos. Habería que precisar que nin unha soa anotación contable demostra que a Casa contase con amas de cría de garda ou que botase man de leite de cabras —recursos empregados en inclusas de mellores fustes—. Pola contra, é unha permanente ladaíña mensual “o gasto de botica”: as papas alimenticias (para estes primeiros días, eran moi populares as de chicoria e ruibarbo) consumidas polos expósitos remitidos a Santiago, que non habían ser en nada diferentes á primeira manduca dada ás criaturas que —nos bos tempos financeiros do Hospital— podían quedar na contorna coruñesa<sup>30</sup>.

Trinta reais era a paga mensual que, nos tres primeiros anos, recibían as nais que aleitaban expósitos, retribución que baixaba a 20 reais mensuais nos tres anos seguintes. En teoría e ao cabo dos tres anos primeiros, as familias podían mandar os expósitos de volta á Casa, pero a norma era que a acollida durase ata cumpliren os sete anos. Ou para sempre: contra as 9 crianzas que foron devoltas nos tres primeiros anos, 40 rapaces foron adoptados polas familias que os criaban.

Neste punto, cadra ben un dato gozoso: 14 expósitos criados na contorna coruñesa foron recuperados ou pola nai ou polos pais xenéticos. Cifra que tamén ten a súa cara amarga: dos 991 ingresos, 211 viñeran con sinais que indicaban unha vontade certa de recuperación futura. Cintas de cores nos pulsos, medallas, evanxeos, relicarios ou rosarios. Ou notas manuscritas: "Soy hermosa y no tengo padres. El dia en que naci fue el dia que mi madre sabe; yo, no" / "No se pierda el apunte que acaso sera estimado" / "Baptizada estoi, Antonia me llamo, ponerme a la teta y veras como mamo". Todos estes distintivos continúan unha mesma mensaxe: "sirve para señal, algun dia se buscara".

Dos 332 rapaces ao coidado da Casa coruñesa, quedou rexistrada a morte de 245 expósitos (73,7 %). Deste total de falecidos, 198 (80,8 %) morreron nos tres primeiros anos de vida, cifra que inclúe 32 criaturas mortas nos 10 primeiros días. Un cadaleito de idéntico porte tamén sería necesario para os cinco nenos que pereceron na viaxe ata a Inclusa de Santiago.

Entre as causas de morte, só aparecen 4 casos de "gálico" (enfermidade venérea), o que descarta a prostitución como a causa primeira do abandono. Algo máis de luz vén dos 11 nacidos no Cuarto de Partos Secretos, refuxio reservado para "cubrir la honra de una señorita" e para xente "de buena sangre". Aparecen tamén escritos confidenciais referidos a "ser de mujer fragil", "por fragilidad humana y no viziosa", "andar mal divertida" ou "ser persona limpia y malcriada", pero unha teimuda maioría dos sinais manuscritos apuntan razóns económicas: "hay mucha necesidad", "por hallarse enferma", "por tener otros tres de tierna edad", "por hallarse pobre", "por hallarse soltera y con otro hijo" e outros cen testemuños máis co mesmo pano de fondo.

### Coidadoras de expósitos<sup>31</sup>

Entre xullo de 1798 e 27 de novembro de 1803, catro mulleres pasarán pola reitoría da Inclusa mentres que, neste tempo, o oficio de torneira foi responsabilidade case exclusiva dunha mesma traballadora.

"A Dionisia Fernández, encargada de recoger los expositos que echan en el torno, de llevarlos a bautizar y de cuidarlos interin no se den a lactar o remitan a la Ynclusa del Hospital Real de Santiago, le pague, por su salario, 40 reales". "A Xaviera Ansotegui<sup>32</sup>, destinada a ayudar en todo a los 21 expositos existentes en este hospital, le pague, por su salario, 50 reales". De xullo de 1798 son estas dúas anotacións contables, as primeiras referidas a pagos polo coidado de expósitos; nelas tamén consta que "la tornera" recolle, a maiores, una libra diaria de pan (para ela e unha filla) e que igual gratificación vai para "la rectora".

Habería que matizar que o posto de “tornera” desaparece o 21 de novembro de 1798 —coa saída de Dionisia—, funcións que, co nome de “portera”, asume Rosa Fernández, a cociñeira do Hospital (que tamén é a muller do encargado de compras da institución). “Como gratificación por el extraordinario trabajo que tiene en el cuidado del cuarto del torno para recoger los expositos que se echen por el, cuyo encargo esta desempeñando con exactitud”, percibirá 1 libra diaria de pan, segundo recolle a contabilidade de xaneiro de 1799.

Xaviera Ansotegui está de reitora ata o 3 de xuño de 1799, “que se la despidio”. Esta saída acontece seis meses despois de ser nai: “desde 4 inclusive de diciembre que pario hasta fin del mismo mes”, foi regalada con 14 libras de carne de vaca, 14 cuartillos de vino, 28 onzas de chocolate, a súa libra diaria de pan de *peneira* (fariña e salvado) e o salario íntegro. Entre 4 de xuño de 1799 e 22 de febreiro de 1800, “que se la despidio”, a reitora foi Lucía López, que percibía, como salario mensual, o seu pan diario e os 50 reais. A mesma remuneración foi entregada “a la que interinamente desempeño este encargo desde 24 de febreiro e 23 de marzo”.

Pola contabilidade do mes de **marzo de 1800** [14], sábese que hai rapaza nova na oficina: dende o día 24, “que fue admitida”, a reitora da Casa é a futura enfermeira da REFV. Isabel Zendal Gómez —en contraste cos curtos mandatos das tres antecesoras— estará ao coidado dos expósitos ata tres días antes da saída da Expedición Filantrópica cara a América. Afacerse ao cargo debeu ter para Isabel o seu aquel de complicacións nos tres primeiros meses. Entre o “gasto de ropa”, hai unha significativa anotación do mes de **xuño de 1800** [15]: cun corte de tea, para un xibón e un vestido longo, foi recompensada unha hospiciana por axudar a reitora no coidado dos expósitos. Foi a primeira e única vez dun apunte contable destas características.

Cando foi de elixir a substituta de Isabel, entre catro candidatas —unha viúva, unha solteira, unha enfermeira do Hospital e unha hospiciana—, a más votada foi Christina González, “que hace tiempo se halla en el [Hospital de Caridade] en calidad de hospiciana”<sup>33</sup>.

Este asunto da reitoría é fariña que precisa un peneirado fino.

» Chama a atención que, entre marzo de 1800 e novembro de 1802, os responsables das anotacións contables do ramo de expósitos (Joséph Bernardino Vaamonde e Juan Francisco de Navarrete) non fosen capaces de cubrir o oco que eles mesmos destinaban para o apelido da reitora: nestes dous anos longos, é habitual atopar que, despois do cargo (reitora) e do nome (Isabel), haxa un espazo en branco (para o apelido) ... seguido dos

puntos e raias que, en calquera contabilidade, evitan a posterior entrada dalgún apunte non desexado.

A intuición di que estes dous contables —integrantes da Congregación das Dores e traballando por amor á causa, como todos os confrades con responsabilidade na xestión e administración do Hospital de Caridade— terían os seus choios remunerados por fóra e que, para levar as contas da Inclusa, nin precisarían achegarse aos expósitos. E, en dous anos longos, tampouco atoparon tempo para preguntar polo apellido da reitora a alguén da Xunta de Goberno do Hospital, a algúñ outro empregado ou á propia Isabel?

Desleixo? Reparo moral? Por que os outros traballadores da Casa ou as anteriores reitoras aparecen con nome e apellido?

Tampouco vai quedar rexistrado, no libro de contas, o apellido de Isabel no tempo (decembro 1802-novembro 1803) que a futura enfermeira coincidiu cos dous novos contables: Josef Pelayo Mira e Manuel Acha. Pero estes homes sabían todo de Isabel: os dous apellidos —aínda que usaban o segundo—, que era a reitora, que era nai e que era solteira. Como contables, anotarían a media libra diaria de pan que recibía para o seu fillo. Como responsables do Libro de Rexistro de Expósitos, tíñana fichada de cando Isabel actuara como madriña de bautizo dun rapaz nacido no Cuarto de Partos Secretos do Hospital e dunha nena exposta no torno da Inclusa<sup>34</sup>.

» Hai un segundo asunto —ou primeiro en transcendencia— ao que convén tirarlle algo de cabeza. No cargo de reitora loce moito máis o nome que a remuneración. Moi sobrado non sería o salario cando os 50 reais eran completados, cada mes, cunha libra diaria de pan de peneira —pan escuro, de fariña e salvado—.

En **abril de 1801** [16], Isabel cae enferma e, durante 9 días, a súa baixa laboral é cuberta por “una Muger llamada Mariana Ximenez”. Posiblemente, este achaque temporal non serviría para destapar a fraqueza económica do cargo de reitora, pero a realidade foi que, desde o mes seguinte, en **maio de 1801** [17], Isabel recollerá media libra diaria de pan de peneira para o seu fillo —nacido en 1796, xa tería bos caíños—, “a quien se le ha concedido este auxilio por providencia del S<sup>r</sup> Prefecto”. Aos poucos meses, desde **agosto de 1801** [18], o seu salario tamén vai ser complementado —asunto que algo quererá dicir sobre a consideración que merecía o seu traballo— con media libra diaria de carne.

Para ter unha mellor idea da distancia entre lucido nome do cargo e a súa contrapartida económica, hai que subliñar que a reitora non se daba por ofendida por facer de costu-

reira: en **decembro de 1802** [19] apaña un extra de 8 reais “por hechura de unas sábanas que hizo el mes anterior”; dende **febreiro de 1803** [20] recollerá un fixo de 16 reais mensuais por “composición —remendar— de la ropa de uso de los Niños”, mes no que tamén pillou un extra de 18 reais por “echura de Camisitas para las Niñas de la lactancia”; en **maio de 1803** [21] levou outra extra de 14 reais por confeccionar —con vinte varas de lenzo— “camisas para las Niñas”.

Ao comparar o salario mensual da reitora co dos outros traballadores da Casa vese que o lustre de tal posición mal podía promover o ascenso socio-económico da súa titular: 150 reais cobraba o capelán do Hospital de Caridade, 120 levaba o encargado de compras da institución, 100 ían para o peto da lavandeira e 85 para o carreiro que traía as pipas de auga. Por ensinar as primeiras letras (aos nenos) e calceta e costura (ás nenas), os mestres percibían 4 reais mensuais por cada alumno/alumna; a cociñeira do Hospital cobraba 24 reais; 30 reais por cada criatura conducida á Inclusa de Santiago —nos longos anos de crise financeira do Hospital coruñés— era o xornal da media ducia destas transportistas que a Casa tiña de man, pero podía pasar a 48 reais se a viaxe era para levar dous cativos á vez<sup>35</sup>.

» Hai un terceiro punto que é preciso enfrentar: os posibles méritos e atrancos para chegar a ser reitora de expósitos.

De entrada, cómpre sinalar que os vogais da Xunta de Goberno do Hospital de Caridade estaban afeitos a votar no anonimato —os ingresos na Congregación das Dores decidíansi con fabas brancas e negras—. Diante da elección de Christina González, pouco debe tremer a voz á hora de concluir que, para ser reitora de expósitos, a condición social das elixidas era irrelevante. Aínda que fosen nais solteiras ou hospicianas. O que contaba era a man que tivesen para cuidar criaturas abandonadas. É impensable que, sendo Isabel veciña da mesma parroquia na que tiña a súa base a Congregación das Dores e nunha vila de 15.000 veciños, a xunta que dirixía o Hospital non tivese caixas cheas de informes orais sobre a calidade humana da nai de Benito Celdam.

Christina González (53 años; casada con Blas Ximenez, “de quien no tiene noticias de si vive”, natural de Granada; os pais, defuntos, de San Fins de Brións) tivo, no ano 1794, tres ingresos hospitalarios (de 31, 30 e 15 días)<sup>36</sup>. Por riba da idade, das doenças e da incerta situación matrimonial, a súa maña para levar expósitos tiña que gozar da estima dos xestores do Hospital: en maio de 1799, xa foi comisionada para levar unha criatura á Inclusa de Santiago. Esta Juana fora exposta no torno na noite do día 27, o 28 era bautizada e o 29 xa estaba no Hospital dos Reis Católicos<sup>37</sup>.

Sen ningunha intención de relacionar a baixa laboral de Isabel, en abril de 1801, coas penurias pasadas nunha casa pobre, tampouco as enfermidades das irmás Zendal son tema do que liscar tan axiña.

Antonia estivo ingresada no hospital de pobres, mentres a futura enfermeira da REFV viviu na Coruña, en catro ocasións, cun total de 45 días internada<sup>38</sup>. A primeira entrada, entre 20 e 29 de agosto de 1796, coincide co primeiro mes de vida de Benito, o fillo de Isabel. Non hai que acelerar moito o cerebro para imaxinar que Antonia aproveitou este ingreso para vir visitar a irmá e o sobriño. De vir para coidar a nai e o cativo, este xesto de afecto e solidariedade entre irmás, igual, estragaba o lugar no que quedaría Francisca, outra irmá, que xa levaba un ano vivindo —os detalles, poucas liñas máis adiante— na Coruña. Os catro ingresos de Antonia son sempre en xullo ou en agosto. Marchaba da aldea xusto cando más labor hai no campo, deixando sos na casa familiar o pai e dous irmáns? Se a causa das visitas ao Hospital era por zafar do traballo, en pouco imitaba a nai de Benito.

Nin no tempo de embarazo e parto nin tampouco durante a enfermidade na etapa de reitora, hai a menor pegada do paso de Isabel pola enfermaría do Hospital de Caridade. Polo que se saberá máis adiante, entre as actitudes que máis commovían o ánimo de Francisco de Balmis, director da Expedición da Vacina, estaba a determinación de Isabel (“que perdió enteramente su salud”) para non abandonar nunca o labor de coidar dos rapaces expedicionarios.

### A vida na Casa<sup>39</sup>

Cando Isabel entra de reitora, os xestores do Hospital de Caridade (e da súa Casa de Ex-pósitos) xa levaban ás costas sete anos de experiencia. A Casa coruñesa non era unha illa de beneficencia: Ferrol e Santiago contaban con cadansúa inclusa e delas tamén tomarían leccións os administradores do Hospital coruñés. Sendo isto seguro, tampouco semella ser Isabel muller de cerviz flexible, orellas gachas, incapaz de dar un paso de seu ou sempre á espera de recibir ordes. Non é imaxinable que, no día a día do goberno da Inclusa, non poida haber un bo molete de iniciativas atribuíbles á muller que sae dunha familia de labradores pobres, que se abre camiño vital e laboral na cidade —sendo nai solteira— e que, nunha misión intercontinental de catro anos, traballa a enteira satisfacción do seu xefe, que non era outro que un médico moi rosmón. Como di Javier Moro (*A flor de piel*; Seix Barral, 2015) resumindo o carácter co que todos os historiadores retratan o director da REFV, “a única persoa da que Francisco de Balmis fala ben é de Isabel Zendal”.

*Supervivencia* debía ser a palabra de cabeceira para a reitora. Nas primeiras horas, coidar dos expósitos para que puidesen sobrevir tras o impacto físico dun abandono clandestino. Fosen expostos no torno ou entregados na Casa (recollidios da rúa por veciños da vila ou por alcaldes pedáneos da contorna), a primeira precaución era mirar pola súa saúde e, de ser necesario, chamar por Francisco Cónsul Jove —médico titular do Hospital de Caridade— ou por Joseph Agostino —o cirurxián— ou polo capelán, que era a máis negra das opcións: un bautismo de necesidade con auga de socorro, nos casos en que “venia quasi espirando”, “no podía vivir” ou “era excusado buscarle ama”. De inmediato, había que lavalos —auga temperada, viño e xabón— e abrigalos (“trahía todo viejo”, “se echo desnuda”). Á mañá seguinte —as entradas son, masivamente, de noite—, o primeiro de todo era levalos á parroquia de San Nicolás, para o bautizo regrado. Coa entrega a unha ama de cría remataban as 24-48 horas de primeira parada dos expósitos na Casa.

Ao coidado directo da reitora non había máis de 30 criaturas internas: uns poucos tiñan arredor dos tres anos (ou foran entregados tendo xa uns aniños ou foron devoltoas polas amas, tras a primeira etapa de lactación), pero a maioría cumpliría sete anos e retornaban á Casa para, nos 6-7 anos que podía durar esta segunda parada na Inclusa, recibir a instrución que facilitase a súa entrada no mundo laboral.

Aínda que un apunte contable de xullo de 1799 menciona “seis cartillas de la Doctrina Christiana para que los Expositos y las Expositas aprehendan a leer”, todas as outras anotacións deixan patente que o mestre dos nenos cobra por ensinarlles a ler e escribir, mentres que a mestra das nenas faino por ensinarlles calceta e costura. Estes titores ingresaban catro reais mensuais por educando, pero tamén constan un pago de media libra de pan e un cuartillo de viño para a mestra e outro de 30 reais para o mestre, por copiar as contas de cinco meses. A doutrina cristiá non era a única fonte de aprendizaxe: hai varias referencias a mercar libros e Catóns. Outros pagos amosan que algúns rapaces debían ir ben adiantados e ser merecentes de ter tinteiro e pluma de seu.

A etapa de instrución dos rapaces remataba cando eran chamados —ou recomendados— para entrar de aprendices nos obradoiros locais ou porque eran adoptados ou porque escollían o seu propio futuro: hai expósitos que, con 13 e con 14 anos, marchan da Casa para entrar como tambores no exército. Para as rapazas, as alternativas eran ou seren adoptadas ou entraren de criadas no servizo doméstico; as más dotadas para os traballos manuais atopaban acomodo na Escola de Fiado que financiaba o Real Consulado. Do seu paso pola Casa, hai cando menos dous exemplos explícitos de gardar un bo recordo: un home e unha muller dan conta á institución de cadanxeu casamento<sup>41</sup>.

Non irían á moda, pero as permanentes anotacións mensuais amosan que o vestiario dos expósitos era unha xestión das importantes.

Todo se cosía na Casa, case ningunha peza de roupa viña feita de fóra. Cada criatura que era dada a aleitar levaba o seu enxoaval e os que residían na Inclusa ata se mirarían ben garridos. Cueiros, camisas, gorros —do pouco que viña de fóra— e mantillas, para os más cativos. Os xa grandes estaban equipados con calzóns, camisas; xustillos, xibóns, chalecos; pantalóns e chaquetas —de pano azul—; enaguas, refaixos, gardapés (vestidos longos) e chaquetas; zamarras; panos para o pescozo; para cubrir a cabeza, monteiras ou panos de lenzo entrefino. As teas eran lá, liño ou algodón e os tecidos ían dende o castor —de tacto moi suave— nalgúns mantillas ata a india dos gardapés e o pano basto das monteiras. As cores eran cinco: branco, negro, verde, morado e amarelo. De teas fortes e a raias eran as fundas dos xergóns —rechos de palla— das camas e dos berces; de lenzo ou de liño algo basto eran as sabas —9 cuartas de largo e  $5\frac{1}{2}$  de ancho—, que cando ían vellas eran recicladas para cueiros; para cobertores da roupa de cama mercaban pelicas de ovella.

O corte das teas —adquiridas por varas— e a confección da roupa estaban da man dun xastre que, cada certo tempo, botaba unha semana na Casa. Cobraba nove reais por día, mais pouco acougo debía ter a súa agulla cando —entre os gastos de roupa— figura a compra de catro velas para servizo do xastre.

O frío entra no corpo polas orellas, pero estas criaturas gastaban gorro. Tamén pode entrar polos pés, pero estes rapaces andaban calzados. Á Inclusa viña traballar un mestre zapateiro que cobraba, por cada par —dependendo do número de pé—, 4, 7, 8 ou 9 reais; para axudarse no labor, tamén percibía unha libra de pan e un cuartillo de viño diarios.

Á mesa do comedor sentaban os expósitos tres veces cada día, coas súas culleres de madeira de buxo, para recibir as racións alimenticias que repartía a reitora.

Para o almorzo, sopas de pan; no xantar e na cea, a manduca era un pote de carne (vaca, xamón, carneiro ou touciño), coas súas verduras, acompañadas de patacas, garavanzos, fabas, arroz, cebada ou sémola. Os maiores recibían, por día, tres cuarteiróns de pan e os más cativos, dous (media libra).

Para ter unha idea máis precisa do gusto e sabor desta mesma refección para todos os días, está a relación dos produtos complementarios que entraban na cociña da Casa: sal, aceite e vinagre; manteiga fresca e unto; azafrán; viño tinto, viño de Málaga e viño rancio; leite; moi contados ovos; limóns; canela e azucré; biscoitos; chocolate; chufas e améndoas

(con azucré, para preparar orchatas). A ter en conta que as verduras eran de producción caseira: tanto o hospicio de pobres como a Casa de Expósitos tiñan horta propia.

As festas relixiosas importantes eran xornadas de exaltación gastronómica para os expósitos e a reitora. No Nadal de 1800, os nenos gozaron de mazás cocidas en viño; no de 1801, Isabel recibiu unha colación —por importe de catro reais— de doces, froitas e outras larpeiradas que, nas casas ricas, adoitaban dar á servidume nestas festas. Na **Noite Boa de 1802** [22] habería troula cumplida: no menú, peixe e unha libra de azucré, outra de canela e 22 cuartillos de viño para cocer mazás e para “vever los niños y la retora”. En Coaresma, a Casa pagaba a bula da Isabel para poder comer carne. En 1803, na oitava de Resurrección (xuño) entre cativos e reitora, paparon 10 cuartillos de viño e, por Defuntos, un ferrado —12 quilos— de castañas.

No punto de mira do goberno da Casa, a comodidade das criaturas xa sería unha diana central dos seus obxectivos, mais os primeiros meses de Isabel van coincidir con importantes obras de reforma interior.

En maio, a estancia que viñan ocupando os expósitos foi dividida en dous cuartos, para que nenos e nenas tivesen pezas separadas; en xuño, o aloxamento foi retellado e veu un farol para dar luz aos cuartos; en setembro, foron montadas catro celosías “para igual numero de ventanas que tiene la habitación de los Expositos, para impedir que estos caigan por ellas a la calle”. As camas foron reparadas e, na escola dos nenos, entraron sete bancos novos e dúas táboas para os pés. Algún tempo máis adiante, gastaríase unha fanega —55 litros— de cal en branquear os cuartos dos expósitos.

A hixiene dos internos non era unha causa menor para os administradores do Hospital. Cando, por mal tempo, a lavandeira non viña recoller a roupa de uso, mercaban xabón e a colada facíase dentro; tamén era asunto interno lavar a roupa de ceremonia que vestían as criaturas para o seu bautizo en San Nicolás. A Casa non ulía a rosas precisamente... porque era imposible: a lavanda entraba por feixes, de cinco quilos.

Neste eido da hixiene, a Isabel non lle faltaron motivos para andar vixiante: houbo que lavar xergóns e roupa de cama dos expósitos aos que lles entrara a sarna e tamén mercar unha pinza de ferro para arrancar as raíces da tiña que prendera nas criaturas. Situacions de alarma para compaxinar coas preocupacións de todos os días: vestilos, lavalos, levar uns, coa cabeza afeitada —un real custaba cada rapado— e outros, ben peiteados e non esquecer de repoñer os ouriñais de barro, as vasoiras para limpar o torno e os cuartos e mais as trampas dos ratos.

Cando enfermaban, unha das curas era atacar o mal cunha alimentación mellorada: pan branco, ración extra de carne (guiso de carneiro), chocolate e viño. De xuño de 1801 quedou este apunte contable: “110 libras de carne consumidas por disposicion de los facultativos, con motivo de estar algo indisputos la mayor parte de los Expositos”. Outras veces, había que botar man da medicina tradicional: hai pagos —dous reais cada curación— por levantar a *paletilla* a expósitos baldados de ánimo e un consumo de 8 cuartillos de augardente para darré fregas a un neno, áinda que para outro rapaz chegou un cuartillo de viño. E hai varias ocasións en que o remedio, sen deixar de ser tradicional, ten un punto aristocrático: constan pagos de 30 reais mensuais a amas de cría que teñen expósitos “a tomar aires”.

Do 25 de setembro ao 5 de outubro de 1803 foron 10 días excepcionais para Posse Ro ybanes, o médico municipal que, malia ser un gran defensor da vacina contra a varíola, nunca tivera a oportunidade de traballar con virus fresco. Aproveitounos para aprender, en primeira liña e da man de Francisco de Balmis, a técnica de vacinación. O día 23, un tal “ministro García” —axente ao servizo do corrixidor— apañou 60 reais por “apremiar algunas nodrizas para que traigan los niños para vacunarse”. Durante os dous meses longos que pasou na Coruña, ao equipo médico da REFV éralle esencial manter activa a cadea de vacinacións: era única garantía de dispor de virus fresco para, nos días inmediatos á partida, inocular a primeira parella de expósitos que levarían, de brazo a brazo, a vacina da varíola ata América. Nestes dez días, as 10 amas de cría, que “estuvieron para vacunar a los niños que lactan”, recibiron un pago en especies pouco habituais: pan, ovos, manteiga, viño e sardiñas.

### Localizada polo seseo

Nun tempo en que a ortografía andaba gobernada polo libre albedrío de párrocos e escribáns, unha das características da escrita era reproducir a fonética da fala oral. Na comarca de Ordes, podían dubidar entre escribir un obxecto, un lugar, un nome ou un apelido con ceta ou con ce, pero nunca transcribían co son do ese unha palabra que levase c/z. Quere dicirse que, nesta bisbarra, non empregaban a variante dialectal do seseo.

Na Coruña, un dos escribáns con vara máis alta era Manuel Balthasar de Pazos: responsable do Libro de Rexistro de Expósitos e secretario da Xunta de Goberno do Hospital de Caridade; tamén era o secretario da directiva do Real Consulado. No rexistro do expósito nº 673 [23] fai constar que a madriña é Ysavel Zendala e que do nº 720 [24] o é Ysabel Zendala y Gómez; que da expósita nº 742 [25] a madriña é Ysabel Cendala y Gomez; que

das criaturas nº 759 [26], nº 780 [27], nº 802 [28] e nº 848 [29] o é Ysabel Gomez. Afeccionados á xenealoxía, historiadores e os emigrantes que buscan as partidas de bautizo de parentes que lles abran as portas dunha sobre nacionalidade saben que, na época, os fillos varóns sempre levan o primeiro apellido do pai, pero as mulleres tanto poden ser identificadas polo apellido do pai como polo primeiro apellido da nai. É o que tamén fan Josef Pelayo Mira e Manuel Acha, os confrades que substitúen a Pazos nas certificacións do Libro de Rexistro de Expósitos: a madriña da expósita nº 860 [30] é Ysabel Gómez; no rexistro do expósito nº 875 [31] aclaran, de vez, quen é a muller que actou de madriña nestes nove bautizos: "Ysabel Gomes, soltera, Rectora de los Expositos de este Hospital". Non especifican que sexa nai solteira, pero tampouco é preciso: dende maio de 1801, a reitora recibe, cada día, media libra de pan para o seu fillo, anotación que tamén han de facer constar Mira e Acha dende decembro de 1802, cando asuman a responsabilidade de levar as contas do ramo de expósitos.

Manuel Balthasar de Pazos —o home que escribía Zendala/Cendala—, agora actuando como secretario da Xunta de Goberno do Hospital, accredita o sucedido e firma a **acta de 27 de novembro de 1803** [32]: "... todos los demás votos los ha tenido la Christina Gonzalez, quien por lo mismo quedó desde luego nombrada y admitida para tal Rectora, vajo las mismas condiciones que su antecesora Ysabel Sendala y Gomez".

A escrita con "ese" do apellido de Isabel induce a dar por seguro o uso de seseo na fala coruñesa da época. Esta intuición pasa ser certeza cando, no **censo de veciños de 1794** [33], figuran os moradores do número 36 da rúa Real: con don Gerónimo Hijosa, comisario honorario de Guerra e prior do Real Consulado, vive a súa muller, dous fillos, o caixeiro do comerciante, catro camareiras persoais, un escravo negro e unha escrava negra; con esta familia, nesta mesma casa, tamén vive unha "criada, Ysabel Senda, de 23 anos".

—Queres dicirme que esta criada é a mesma Ysabel Sendala, reitora da Casa de Expósitos e enfermeira da Real Expedición Filantrópica da Vacina?

— Paréceche mal a idea?

—Non te tires... que escachas a...!

—A pía está chea e vou con flotador!

—Igual está chea de puntas enferruxadas...!

—Ti pon a man no corazón e vai respondendo con nobreza: *Senda* é palabra coñecida? Coñeces unha palabra con igual significado que escribirías con ceta ou ce? *Zendal* é palabra coñecida? Se non miras no dicionario, saberías que é "unha tea de moi fina seda"? Se *Zendal* fose palabra coñecida escribiría o párroco de San Nicolás que Benito é fillo de

Ysabel *Celdam*? Que outra cousa fai o funcionario do censo de veciños da Coruña más que transcribir os apelidos segundo llos pronuncian e segundo o seu propio coñecemento do idioma?

—E non é moito atallo de diola pasar de *Senda* a *Sendala*?

—É que non é atallo ningún! Hai é unha ponte que une estas dúas versións dun mesmo apellido: Censo 1795, veciños residentes na parroquia de San Nicolás. En Venela de Pagaio, número 6, compartindo casa con outras dúas familias, vive Francisca *Sendal*<sup>41</sup>. A escrita con ese do apellido da irmá de Isabel vén explicar que, no censo de 1794, o funcionario transcribiu co seseo coruñés a única palabra que lle soaba coñecida: *Senda*. Vai unha derradeira pregunta, a da arrincadeira: Que dis dos 23 anos desta criada? Nacida, xa que logo, no 1771, non explica abondo que a partida do seu bautizo non poida aparecer nun libro parroquial que principia en 1773?

—Así calquera fai investigación histórica!

—Por veces, as cartas veñen marcadas da fábrica de orixe, que son os arquivos! O único censo completo que existe destes anos é o de 1794. Do cuartel ao que pertence a rúa Real non existen censos parciais posteriores a 1781 —cando a futura enfermeira aínda estaba en Parada—, co que non hai maneira de saber cantos anos, antes de 1794, levaba servindo Ysabel *Senda* na casa de Hijosa, nin tampouco canto tempo máis continuou de criada. Así e todo, o censo da parroquia de San Nicolás de 1795 (o seguinte é de 1811), desvela que Isabel non era veciña desa freguesía, co que a conclusión natural é que, ese ano, aínda estaba na casa de Hijosa. Sabendo que a rúa Real pertence á parroquia de San Xurxo e que, cando nace Benito, a súa nai era veciña de San Nicolás, a lóxica di que, nese ano de 1796, xa tería abandonado a vivenda do comerciante máis rico da cidade.

—O único lóxico é o que lle di o cerebro ao corazón: penéirame toda esta información antes de pensar sequera en dar un si condicional!

—A este momento de reflexión, acáelle unha verdade científica: entre Zendal/Cendal/ *Sendal* e Zendala/Cendala/*Sendala* non hai ningunha diferenza. O costume de usar, para as mulleres, a versión en feminino dun apellido masculino vén dunha maneira galega de identificar a casa de procedencia. Así, *Zendala* revela que é filla dun Zendal, ao igual que Guillina o é dun *Guillín*, Juncala dun *Juncal* y *Galana* dun Galán. Este costume tampouco é un asunto privativo das aldeas: Teresa Herrera, a fundadora do Hospital de Caridade, nace —de segundo apellido— Pedroso, que vén sendo o apellido do avó materno, pero foi enterrada co apellido da fala cotiá da rúa: *Pedrosa*<sup>42</sup>. Neste punto, convén explicar que esta práctica non é un modo exclusivo do País nin vén de antonte. Un tal don Miguel de Cervantes, hai 400 anos, en boca do protagonista dunha afamada novela súa, escribía: “Yo fui loco, y ya soy cuerdo: fui don Quijote de la Mancha y agora soy, como he dicho, Alonso Quijano... Mando toda mi hacienda, a puerta cerrada, a Antonia Quijana, mi sobrina...”<sup>43</sup>.



Galicia, 1790. José Cornide © Biblioteca Real Consulado.



**Monumento-homenaxe** aos nenos da vacina e a Isabel Zendal, no Parrote coruñés.  
Acisclo Manzano, 2003. © José Caruncho.



**Igrexa de San Nicolás**, fachada principal. A Coruña. © José Caruncho.

O santo é protector da infancia abandonada e nesa parroquia eran bautizados os expósitos baixo o amparo do Hospital de Caridade.



Rúa "Isabel López Gandalia", na Cidade Vella coruñesa © José Caruncho.

*A placa dedicada á reitora-enfermeira mantivo, dende decembro de 1971 ata decembro de 2017, uns apelidos que non casaban cos datos que gardan os arquivos galegos.*




**Sepultura de Teresa Herrera.** Capela da Venerable e Real Congregación do Divino Espíritu Santo e María Santísima das Dores, na igrexa de San Nicolás. A Coruña. © José Caruncho.

*A Congregación ten capela de seu na igrexa parroquial e aquí está enterrada a fundadora do Hospital de Caridade.*

# NA EXPEDICIÓN DA VACINA

A varíola, cualificada como "a máis grande asasina" e "o más terrible de todos os ministros da Morte"<sup>44</sup>, deixou de selo en 1980: ese ano, a Organización Mundial da Saúde declarou a Terra "zona cero de varíola", despois de pasar dous anos sen terse rexistrado no mundo ningún novo caso de contaxio<sup>45</sup>.

A día de hoxe, a varíola é a única das pandemias humanas que foi eliminada deste planeta. Nesta longa loita tivo un papel esencial Isabel Zendal Gómez. Por moi inverosímil que poida parecer.



## Autorización real

En 22 de novembro de 1803, a Xunta de Goberno do Hospital de Caridade acorda colocar edictos públicos chamando á presentación de candidaturas para ocupar o posto de reitora de expósitos, que ía quedar vacante de inmediato<sup>46</sup>. Cinco días máis tarde e despois de “tomados los botos”, Christina González foi a escollida para substituír á nova enfermeira da Expedición da Vacina.

**A Real Orde de 14 de outubro de 1803** [34] cambiará, de vez, a vida de Isabel Zendal. “Permite S.M. que la Rectora de la Casa de Expositos de esa ciudad sea comprehendida en la expedicion —destinada a propagar en Yndias la inoculación de la vacuna— en clase de Enfermera. Para que cuide durante la navegación de la asistencia y aseo de los Niños que haian de embarcarse y cese la repugnancia que se experimenta en algunos padres de fiar sus hijos al cuidado de aquellos —os enfermeiros varóns que xa tiña seleccionado Francisco de Balmis—, sin el alivio de una mujer de providad”. Na comunicación que o ministro de Graza e Xustiza —Josef Antonio Caballero— remite ao presidente da Xunta de Goberno do Hospital de Caridade —Ignacio Carrillo y Niebla, deán da Colexiata coruñesa— tamén quedan explícitas as condición económicas do contrato: 3.000 reais de “ayuda de costa” con destino á súa habilitación e o pago en Indias dun salario de 500 pesos fortes anuais, “contados desde el dia que se embarque y la mitad a su regreso, que deberá ser de cuenta del Erario”.

Unha carta de El Rei non son as sopas de pan do almorzo de todos os días. Parece cousa cívica analizar de vagar misiva tal.

- » Carlos IV dá conformidade a unha proposta, previa e convxunta, do máximo responsable do Hospital de Caridade e do director da REFV.
- » Dende A Coruña, parte a Expedición con nenos expósitos. É obvio que, en América, Balmis contaba con axudarse de familias estables e non depender de criaturas abandonadas polos pais; de aí, a necesidade de ter o apoio dunha muller de “providad” e, así, “cese la repugnancia que se experimenta en algunos padres de fiar sus hijos” ao coidado exclusivo de enfermeiros varóns.

- » "Providad" quere dicir "honradez" e, para cantos estaban na allada da toma de decisións, implica que unha muller, sendo nai solteira, era honrada se mantíña rectitude de ánimo e integridade no obrar. Non é imaxinable que Carrillo e Balmis arriscasen as súas carreiras ocultándolle a El-Rei que a muller recomendada xa tiña algo murcha a "flor" do pudor e do recato.
- » Na época, sen seguridade social nin pensións de xubilación, sempre había un fillo/unha filla (porque quedara célibe ou porque casaba e asentaba na casa familiar) que asumía a responsabilidade de asegurarllas aos pais un bo pasar na vellez. Pola mesma razón, ter un fillo/unha filla de solteira tampouco causaba tanta alarma social nin tanto estrago individual: a sociedade galega podía asumilo como un abrigo contra o futuro desamparo de mulleres que non casaran e que tampouco contaban cunha familia que lles dese refuxio nos seus anos derradeiros. Así e todo, este conto de assimilar "providad" e "honra" foi o que levou historiadores e novelistas a daren por certo que Isabel ou era viúva con fillo ou era a nai adoptiva de Benito.
- » Os 3.000 reais da habilitación, más que ir ao peto de enfermeira, foron ao fondo que cubría os gastos de transporte, aloxamento e manutención dos expedicionarios.
- » Cinco centos pesos fortes anuais son 10.000 reais. Isabel cobraba, sendo reitora, 600 reais por ano (50 reais cada mes). Se a esta desmedida diferenza salarial sumamos que lle permiten viaxar co seu fillo, temos unha moi humana explicación da causa da súa emigración a América. Nin sequera é preciso engadir que xa morreran os pais, que na aldea non había nada que herdar ou que o salario de reitora malamente lle daría para escapar da vida que levaban os asalariados máis modestos.
- » Percibir, cando regresase a España, a metade do salario que lle correspondía como enfermeira da REFV xa é outro cantar: viña ser unha pensión de 5.000 reais cada ano. Entón, sí que habería fondos para ter garantido, ela e o fillo, un bo futuro, mesmo na propia cidade da Coruña. É dubidoso, malia todo, que este fose o soño que Isabel tiña en mente. Ela escolle cobrar íntegro o seu salario en Yndias, pero a paga era abondo como para cobrar aló unha parte e ir gardando outra parte nun peto seguro, en Galicia, ata o seu regreso á casa ou para destinala a cubrir as necesidades vitais dos familiares directos que deixaba en España. Que foi o que fixeron os outros membros da Expedición.

"En la ciudad de La Coruña, a ocho dias del mes de octubre de mil ochoz<sup>s</sup> y tres, ante mí, Es<sup>no</sup> del Aiuntamiento y testigos, parecio presente D<sup>n</sup> Ant<sup>o</sup> Pastor, residente en esta ciudad y Practicante de la Expedicion de la Bacuna, y Dijo: da todo su poder cumplido, el que

sea bastante y en dro corresponda, a Doña Jpha Mataix [esposa do seu tío, Francisco de Balmis], vezina de Alicante, para que cobre y perciba la asignacion mensual que, sobre el sueldo del otorgante, le tiene echo para su mayor decencia y comodidad". Na mesma data, nos mesmos termos e coa mesma finalidade de socorrer á familia, está redactado o poder notarial que Francisco Pastor, "residente en esta ciudad y practicante de la expedicion de la Bacuna", otorga a favor de "don Salvador Pastor [o pai], vecino de Alicante". Estes dous documentos levan as sinaturas dos outorgantes Antonio Pastor/Francisco Pastor e do escribán e testemuña don Manuel Acha de Patiño.<sup>47</sup>

Sen ter certeza de canto máis aló de xaneiro de 1811 se estendeu no tempo a vida mexicana de Isabel<sup>49</sup>, non proceden afirmacións rotundas. Aínda así, a intuición di que a reitora-enfermeira nunca volveu a España... porque marchou con toda a idea de non regresar. O seu futuro e, sobre todo, o porvir do seu fillo Benito podía ser edificado con bases más sólidas en terra allea: un salario de 10.000 reais ou unha bicoca de 5.000 reais multiplicaban por 16 ou por 8 a fortaleza económica dos ingresos anuais dunha reitora de expósitos. E a vida pasada non era un lastre civil: por diante tiñan vía libre para aspirar a un recoñecemento e unha posición económico-social dos que, talvez, nunca poderían gozar na Coruña.

### Misión cumplida

Edward Jenner (médico rural inglés, 1749-1823) verificou, á altura de 1796, que os únicos veciños inmunes á varíola eran os labradores contaminados por vacas infectadas de *vacuna* —que vén sendo o nome do mal da varíola das vacas, polos grans purulentos que lles aparecían nos tetos—. Transvasando este pus vacún aos seus paisanos, demostrou que esa linfa era o antídoto perfecto contra a mortífera varíola humana.

Seis anos despois da descuberta de Jenner, Carlos IV dispón organizar a Real Expedición Filantrópica para levar a vacina ás —daquela— provincias españolas de América e Asia: nos anos da transición do século XVIII ao XIX, un moi violento andazo de varíola nas terras de ultramar estaba deixando a Coroa sen traballadores e sen contribuíntes.

Os integrantes da REFV van ser Francisco Xavier de Balmis, cirurxián de Cámara Real, director; Joseph Salvany, cirurxián do Real Sitio de Aranjuez, subdirector; Antonio Gutiérrez e Manuel Grajales (auxiliares de cirurxía); Francisco Pastor e Rafael Lozano (practicantes); como enfermeiros Basilio Bolaños, Pedro Ortega, Antonio Pastor, Ángel Crespo, más a única muller que participou na Expedición: Isabel Zendal Gómez.

A primeira campaña mundial de vacinación comeza o 30 de novembro de 1803, na Coruña, a bordo da corveta *Maria Pita*. Tras pasaren por Canarias, os expedicionarios arriban a Puerto Rico (febreiro, 1804) e baixan ata Caracas, onde a REFV se divide en dúas partidas. Salvany —con Grajales, Lozano e Bolaños— navega cara a Colombia para emprender a odisea de levar a vacina da varíola dende Cartagena (maio, 1804) ata as illas más ao sur de Chile (xaneiro, 1812). O grupo de Balmis —con Gutiérrez, os seus sobriños Francisco e Antonio, Ortega, Crespo e Isabel— navega ata La Habana para desembarcar en Veracruz (xullo, 1804) e, despois de vacinar por Guatemala e interior de México, sae de Acapulco para arribar a Filipinas (abril, 1805). Mentre o seu equipo continúa vacinando pola illa adiante, Balmis emprende en solitario o regreso a España (agosto, 1805). Aproveita as escalas en Cantón, Macao e illa de Santa Helena para espallar a vacina e, xa en Madrid (septembro, 1806), recibe a felicitación persoal de Carlos IV por unha fazaña médica rematada con tanta gloria.

Estaremos en palacio, pero no aire hai un certo recendo a corno queimado. Cando foi desta cerimonia da coroación virtual de Francisco Balmis como emperador da Filantropía, os expedicionarios que marcharan canda el para Filipinas, estaban vacinando entre tribos indíxenas, alzadas contra a Coroa. E non será ata agosto de 1807 cando este grupo —excepto Pedro Ortega que morreu na illa— encore de volta en México. Os honores recollidos polo director da REFV, en 1806, serían nunha cerimonia de moito lustre, pero non tan ceigadora como para tapar que Joseph Salvany morreu, vacinando, en 1810 —Cochabamba, Bolivia— e que o seu equipo non parou de vacinar ata 1812, xa no sur de Chile.

Os máis de 10 anos de combate diario contra a varíola con vacinacións altruistas —de balde e para todos os grupos sociais— fan pensar que a odisea médica da REFV foi, e aínda é, a mellor contribución filantrópica deste País —xentes e institucións— á historia da Humanidade. Dito en palabras do propio Edward Jenner, descubridor da primeira vacina: “non imaxino que os anais da historia nos acheguen un exemplo de filantropía tan nobre e tan extenso como éste”<sup>48</sup>.

Moi por riba dos centos de miles de vacinados, o mérito da Expedición está en ter demostrado, á vista do mundo enteiro, que o método inmunolóxico por excelencia contra as enfermidades contaxiosas son as vacinacións preventivas: infectar as persoas sans con doses atenuadas do propio mal que se quere combater. Unha boa balanza para calibrar a transcendencia histórica da REFV é imaxinar unha iniciativa médico-humanitaria que dedicase dez anos a percorrer o mundo distribuíndo, de balde, a (soñada) vacina da sida e que, como consecuencia, chantase as bases para a súa definitiva erradicación do planeta. Literalmente, esta foi a semente que a Real Expedición Filantrópica da Vacina plantou, hai

xa 200 anos, por medio das Xuntas de Vacinación creadas por cantos lugares ía pasando. E non foi una semente calquera: foi fronte á varíola, a epidemia que máis mortes ten causado na historia da humanidade. Por se estas contas fosen indemostrables, hai un dito popular que rubrica a súa arrepiante letalidade: “unha criatura non é dos pais ata que pasa a varíola”.

Vacina verdadeira só hai unha: foi aquel primeiro fluído vacún extraído por Edward Jenner de veciños contaxiados por vacas enfermas de varíola. Ningunha das que hoxe denominamos *vacuna* procede xa de ningunha vaca nin ten nada que ver co orixinal pus vacún. Que a comunidade mundial considere as vacinas como “a maior conquista da medicina”<sup>49</sup> e que a Organización Mundial da Saúde, en 1980, declarase, a Terra “zona cero de varíola” son dúas realidades inseparables do que deixou escrito o pai da historia da medicina mexicana, o doutor Enrique Bustamante: “La Expedición de la Vacuna permanece inigualada y corresponde a sus miembros la primacía en la aplicación científica, a escala mundial, de un nuevo y maravilloso procedimiento preventivo”<sup>50</sup>.

### Os nenos da vacina<sup>50</sup>

O “ser ou non ser” do plan de Balmis radicaba en que non rompese a cadea de vacinacións. De todas as pezas da REFV, contando o barco, os mariñeiros e o seu capitán, contando dende o director médico ata o último dos enfermeiros, o único elo insustituíble eran os expósitos: eles eran A Vacina. E sen vacina, non había Expedición, nin Real nin Filantrópica. Dos 21 cativos que dende a Coruña levaron a vacina ata América, 4 procedían da madrileña Casa de Desamparados: *Andrés Naya, Domingo Naya, Antonio Veredía e Vicente Ferrer*.

Da Inclusa do Hospital dos Reis Católicos saíron 5 criaturas. *Juan Antonio* fora bautizado en 22 de xaneiro de 1797, en Santa María de Xiá-Friol; cinco días despois era entregado na Inclusa santiaguesa e, noutros dez días, estaba sendo aleitado en San Mamede de Ribadulla. No rexistro de entrada de *Jacinto* consta que “en 6 de junio de 1797, baptizose un niño exposito que entraron ahier, entre 9 y 10 de la noche, por el torno, embuelto en un brullo de baieta azul y vieja; en la mano derecha, atada al puño, una zintica azul; es medianamente gordo”; un mes más tarde era dado a criar en Santiago de Pardesoa-Forcarei. *Gerónimo María* chegara dende a Inclusa de Ferrol, onde fora bautizado en 1 de outubro de 1797; entregado o día 4 en Santiago, tres semanas más tarde tiña ama de cría en San Isidro de Montes-Campo Lameiro. *Florencio*, exposto no torno en 25 de marzo de 1799, foi confiado a unha veciña de Santo Tomé de Salto-Oza: “la mujer habia ido al Real Hospital para hacer entrega de un exposito que se le habia muerto y, en su lugar, se llevo a Florencio”. *Juan Francisco*, entregado na Inclusa en 27 de abril de 1799, procedía de Santa María de

Ferreira-Coristanco, de nai coñecida e pai incógnito; o mesmo día da entrada recolleuno unha muller de Santo Estevo de Cos-Abegondo, que se presentara para entregar, morta, a nena que aleitaba.

Contando a *Benito* —o fillo de Isabel—, 12 dos nenos expedicionarios estaban baixo o amparo do coruñés Hospital de Caridade. *Clemente de la Caridad* entrhou polo torno en 20 de novembro de 1794; ao día seguinte era bautizado e, ao outro, estaba sendo criado en Santa María de Oleiros. *Francisco Antonio* é un dos dous únicos expósitos que conviviu coa súa nai natural —cando tiña 7 anos e durante os oito meses previos á súa incorporación á REFV—; naceu en 26 febreiro de 1795 e, ao día seguinte, os mesmos portadores que foran entregalo na Inclusa, levárono para criar en Santa María de Sada, que era onde vivía a nai do neno. *Manuel María* fora bautizado na coruñesa parroquia de San Nicolás, en 15 de outubro de 1796 e, aos dous días, estaba coa súa ama de cría en San Pedro de Nós, a mesma localidade na que tamén foi criado *Cándido de la Caridad*, exposto no torno en 1 de outubro de 1797. *Martín* é un dos catro cativos que estaba interno na Casa cando foi seleccionado para ir na Expedición; foi conducido á Inclusa, en 16 de xuño de 1798, polo alcalde pedáneo de San Martín de Dorneda, “quien y su muger, al ver que se iba a remitir dicho exposito a Santiago, pidieron se les dejase criar por quenta de este Hospital, sin paga alguna hasta que este se hallase con caudal para poder costear la lactancia”; foi devolto en 28 de febreiro de 1803. Tamén residía na Casa *Josef Manuel María*, exposto no torno en 7 de marzo de 1800 e criado, os tres primeiros anos, en Sada por unha familia con moito trato coa nai de *Francisco Antonio*. Nesta mesma veciñanza tamén foi criado *Josef*, exposto no torno en 18 de marzo de 1800. Tras 3 anos de crianza externa, *Tomás Melitón* levaba un mes na Inclusa (en 27 de outubro foi entregado pola ama de cría) cando partiu rumbo a América; fora exposto no torno en 7 de marzo de 1800 e dende o día 11 era aleitado en Santiago de Arteixo. *Pasqual Aniceto* foi exposto no torno en 16 de abril de 1800 e, ao día seguinte, estaba ao peito dunha veciña de San Pedro de Credes. Hai un expedicionario, dado a criar en San Tirso de Oseiro, do que consta a expresa vontade de recuperación por parte dos pais: “Cerca de las 4 de la mañana expusieron en el torno un niño con un papel que dice: Coruña, 12 de mayo de 1800. El niño que se presenta ha nacido en el dia que arriva se expresa y se advierte esta sin baptismo; su nombre, *Vicente María Salee y Vellido*; previniendo que se cuide vajo del supuesto que se ha de quitar, contribuyendo con la limosna equivalente para este Santo Hospital”. A entrada na Inclusa —en abril de 1803; nacerá en abril de 1801— de *Josef Jorge Nicolás de los Dolores* parece derivar dun inesperado deterioro da situación familiar; “por ser ya de edad quedo en esta Ynclusa”, converténdose no cuarto expósito interno que foi incorporado á REFV.

## A enfermeira

